

Os materiais de importación de orixe mediterránea do castro do Achadizo (Boiro, A Coruña)

Imported materials of Mediterranean origin from the hillfort at Achadizo (Boiro, A Coruña).

ÁNGEL CONCHEIRO COELLO* E XOSÉ IGNACIO VILASECO VÁZQUEZ**

* Arquestudio, S.L.; ** GEPN, Departamento de Historia I, Universidade de Santiago de Compostela

Recibido o 30 de Outubro de 2010

Aceptado o 2 de Febreiro de 2011

RESUMO

Publicase o material de importación de orixe mediterránea recuperado na escavación levada a cabo no castro do Achadizo entre 1991 e 1994. Son un conxunto pequeno de pezas: ánfora Lamboglia 4, cerámicas finas de tradición ibérica e púnica e doas de vidro. Contextualízanse con respecto ás estruturas e estratigrafía do xacemento, as datacións radiocarbónicas obtidas, e ao contexto xeral do comercio púnico no Noroeste peninsular.

Palabras chave

Idade do Ferro, Púnicos, Comercio, Ánfora, Doas de vidro

ABSTRACT

Material imported from Mediterranean cultures recovered in the excavation carried out at the Achadizo hillfort between 1991 and 1994 is published. They are an amphorae Lamboglia 4, fine pottery of Iberian and Punic tradition and glass beads. Their position in the structures and stratigraphy of the site are analyzed, together with the radiocarbon dates and the general context of the Punic trade in the Northwest Iberian Peninsula.

Keywords

Iron Age, Punics Trade, Amphorae, Glass Beds.

INTRODUCCIÓN

O castro do Achadizo pertence a ese grupo de brillantes poboados que caracterizan a Idade do Ferro das Rías Baixas. Sitúase no extremo meridional da península do Chazo, unha

pequena unidade xeográfica que penetra no tramo medio da ría de Arousa. Administrativamente pertence á vila de Cabo de Cruz, parroquia de Santa María do Castro e concello de Boiro (A Coruña). O xacemento foi obxecto de escavacións sistemáticas entre os anos 1991 e 1994, cuxos resultados máis importantes foron recollidos nunha monografía recente (Concheiro, 2008).

O Achadizo é un poboado cunha ocupación prolongada que ocupa practicamente toda a Idade do Ferro. Na prehistoria era un asentamento costeiro típico, emprazado nunha pequena península, como é característico dos castros costeiros, o que lle proporcionaba un marcado carácter insular [Fig. 1]. Na actualidade a súa morfoloxía está totalmente deformada pola construción do barrio do Campo, un arrabalde moi populoso da vila mariñeira de Cabo de Cruz. As distintas intervencións centráronse no que resultou ser un sector perimetral do interior do primitivo poboado castrexo, abarcando apenas uns 150 m² (Fig. 2) e descubriron parte da antiga muralla, edificada nos séculos VI-V a.C., e varios muros de entre os que destacan os restos dunha vivenda de planta circular que, con reformas e engadidos, se mantivo en uso ata o século I a.C., un período de tempo extraordinariamente longo [Fig. 2].

Pero sen dúbida os restos máis espectaculares foron os concheiros, vertedoiros de lixo de carácter masivo acumulados durante toda a vida




Figura 1. Situación do Castro do Achadizo no contexto da ría de Arousa (1) e outros castros do contorno citados no texto: Neixón (2); Torres do Oeste (3); Alobre (4); A Lanzada (5).

do poboado e compostos fundamentalmente das cunchas dos moluscos que consumían os poboadores, aínda que entre elas tamén aparece moito material óseo (macromamíferos e peixes), cerámicas e obxectos de bronce (fibulas, agullas, anzois...). Os basureiros máis importantes, dende o punto de vista do volume de lixo, do tempo de utilización e da riqueza material, son o denominado “concheiro B”, datado na 1ª Idade do Ferro e sobre o que se constrúen a muralla e outras estruturas, e o “concheiro A”, máis recente, xa da 2ª Idade do Ferro, un enorme depósito de lixo creado polos desperdicios procedentes das unidades domésticas escavadas. Outros vertedoiros interesantes son os concheiros superficiais, de pequena extensión e superficie irregular, pertencentes á última fase de ocupación do castro e que se

superpoñen ás construcións e concheiros de niveis anteriores. Asemade, atopouse un vertedoiro formado única e exclusivamente por restos de cerámica indíxena, unha cantidade descomunal de testos que ilustra a evolución da olaría do asentamento ao longo da segunda metade do primeiro milenio a.C.

Aproveitando tanto a riqueza ergolóxica do xacemento en canto a restos orgánicos, algo non moi frecuente no momento en que este se escavou, como a ampla secuencia estratigráfica documentada, realizouse un importante programa de datacións de carbono 14. As 21 datas obtidas (Rubinos et al., 1999) permitiron analizar a problemática que presenta a datación de cunchas mariñas, e, ao tempo, establecer unha cronoloxía absoluta para o sector do asentamento escavado, que parece

estar ocupado de xeito continuo desde comezos do século VI ata finais do século II a. C., coa posibilidade, manifestada por unha única datación, de que se prolongase até mediados do século I a. C.

Ademais da monografía e mais do traballo sobre as datacións de carbono 14 antes citados, a partir dos datos ofrecidos pola escavación fixéronse outros estudos específicos sobre aspectos diferentes do xacemento en diversas revistas especializadas, como a alimentación cárnica da xente que o habitou (Fernández, 2001), o consumo de peixes (Ferré et al., 1996) e mariscos (Rodríguez, 2001), e a problemática da introdución dos muíños circulares (Carballo et al., 2003). Nesta liña de dar a coñecer aspectos parciais, pero moi significativos para o coñecemento do xacemento e, por extensión, da Cultura Castrexa, presentamos o estudo dos materiais de importación atopados nas escavacións dirixidas por un de nós (A.C.C.), e cuxo estudo non foi completamen-

te recollido na publicación de 2008. Centrémonos naqueles elementos que son claramente identificables como importacións, e que no título agrupamos, de xeito xenérico, como “*de orixe mediterránea*” (segundo a González-Ruibal et al., 2007), se ben o seu centro produtor será variado e non sempre identificable, ao procederen, segundo corresponda, de obradoiros fenicio-púnicos, ibérico-turdetanos ou greco-italicos. Ao longo do artigo, ademais, aproveitamos para rectificar algunhas noticias erróneas que nos últimos anos se veñen recollendo sobre as importacións presentes no castro do Achadizo, e que teñen sido repetidas de xeito case sistemático (p. ex., González-Ruibal, 2004a e 2006-2007; Ayán et al., 2008; e, mesmo, Concheiro, 2008).


OS MATERIAIS DE IMPORTACIÓN

O estudo dos materiais de importación vén despertando a atención dos investigadores da arqueoloxía prehistórica galega nos últimos anos. No contexto da Idade do Ferro, esa atención ou preferencia acadou unha actividade, inusitada ata o momento, que reflicte unha clara apertura dos esquemas de investigación vixentes no Noroeste (p. ex., Suárez e máis Fariña, 1990; González-Ruibal, 2004a), ata entón enfocados ao estudo dos materiais indíxenas, tal e como corresponde a unha tradición científica que se centraba no *autoctonismo* e nas singularidades da denominada (con éxito evidente) Cultura Castrexa.

Polo de agora, a maioría de estudos correspóndense con materiais de castros costeiros das Rías Baixas, o que reflicte unha dobre realidade: que é unha zona xeográfica inserida nos círculos de comunicación marítimos da época (o que sempre se soubo) e que os costeiros son asentamentos extraordinariamente fértiles dende o punto de vista material, cunha riqueza e variedade de vestixios que non semella ter igual nos castros doutras áreas xeográficas.

Con respecto á procedencia dos materiais importados ao mundo castrexo prerromano, aparece claramente sinalada a área mediterránea, e a súa chegada cómpre achacala nun primeiro momento ás pequenas *polis* de mercaderes do sur peninsular e, máis tarde, ao comercio itálico, se ben os produtos que chegarán serán moi variados, e mesmo manufacturados

Figura 2. Planta coas principais estruturas localizadas na intervención, e localización das importacións.



en diversos puntos do mundo mediterráneo (p. ex., González-Ruibal et al., 2007). Neste contexto, cómpre sinalar que os restos de obxectos de importación atopados no Achadizo non se apartan desta norma xeral, e, se ben non son excesivamente numerosos, si resultan moi representativos, e insírense dentro do habitual nos castros costeiros da ría de Arousa. Distínguense tres grandes tipos: cerámica de contención e transporte (ánforas), cerámica fina de mesa¹ e mais obxectos de adorno en pasta vítrea (doas de colar). Aínda que nos concheiros superficiais do castro tamén se localizaron catro pequenos fragmentos de recipientes de vidro, todos eles son en realidade intrusionas de época moderna², ás que probablemente tamén haxa que vincular a localización de restos óseos dun gato (*Felis Sp.*) (Fernández, 2001).

1. Cerámica De Contención (Ánforas)

Na escavación recuperouse unha certa cantidade de fragmentos de ánfora [Fig. 3, nº 1]. Atopáronse moi concentrados no nivel de abandono da estrutura circular, nas cuadrículas 10A e 11A. A maioría son anacos de parede, e unicamente resulta característico un de grande tamaño que presenta a parte superior da panza, o ombro e o arrinque dunha asa. A pasta é cor ocre, moi depurada e porosa, e formalmente cabe interpretala como unha ánfora greco-italica do tipo Lamboglia 4. As ánforas greco-italicas teñen presenza no NW dende mediados do século II a mediados do século I a.C., polo que poden considerarse como as primeiras testemuñas do comercio romano. Aparece en puntos moi concretos da costa (p. ex. A Coruña e A Lanzada, este último na entrada da ría de Arousa), asentamentos que aparente-

mente dominan un rico *hinterland* (Naveiro, 1991; González-Ruibal, 2007-08).

2. Cerámica fina

No Achadizo documéntanse unicamente dúas pezas de vaixela fina importada. Por unha banda, na parte superior do grande concheiro (A), na cuadrícula 9C, atopáronse dous pequenos fragmentos dun mesmo recipiente de pasta alaranxada moi depurada e decantada (fig. 3, nº 2). Presentan unha fina decoración de, cando menos, tres liñas paralelas pintadas en cor vermella (dunha delas, a superior, só quedan os bordes que a delimitan); aínda que, con seguridade, o esquema compositivo era máis complexo, como ben reflicte a presenza dunha estreita liña de pigmento na parte superior. Polas súas dimensións e perfil do galbo, débese corresponder cun pequeno recipiente tipo cunca destinado a beber. Trátase dun produto da olaría ibérica, xa coñecida noutros contextos do NW como A Lanzada (Naveiro, 1991).

Ademais, na cuadrícula 12B e nos últimos niveis de ocupación ou uso das estruturas anexas á casa circular atopouse un fragmento dunha produción que semella de tradición púnica (2.2), aínda que tamén podería ser unha manufactura ibérica propia da área turdetana³. Así e todo, é tan pequeno que resulta imposible afinar máis e mesmo reconstruír a peza, aínda que, sen dúbida, correspóndese con parte do fondo dun prato. A pasta é de cor ocre, moi decantada e de excelente calidade. Na parede exterior aínda conserva diminutos restos do pigmento laranxa vivo co que estaría pintado.

3. Pasta Vítrea

Incluímos dentro do estudo das importacións as doas de pasta vítrea, por unha tradición investigadora que as vén considerando como tais, aínda que compartimos a hipótese esbozada por Xusto (2001: 52) de que, como sucede noutras culturas da Idade do Ferro europeas, unha parte da produción destas pezas puido ter sido realizada polos indíxenas nalgúns dos seus obradoiros metalúrxicos. Como primeiros indicios, aínda non concluíntes,

3 Esta peza foi identificada de forma errónea como unha produción *campaniense* en Concheiro, 2008.

1 Na identificación das ánforas e cerámicas finas contamos coa inestimable colaboración do arqueólogo Juan L. Naveiro López, a quen agradecemos a súa amabilidade.

2 Identificacións realizadas polo arqueólogo Mário da Cruz, a quen agradecemos a súa amabilidade. Cómpre sinalar que nos informes preliminares da intervención un destes fragmentos foi considerado, debido á súa tosquedade, como un vidro antigo, e, xa que logo, importado, aínda que nunca se lle outorgou unha adscripción púnica (*contra* González-Ruibal, 2006-2007: 515; Ayán et al., 2008: 83, nota 7); por outra banda, del xa non se fai ningún tipo de mención en Concheiro, 2007 ou 2008.




Figura 3. Fragmento de ánfora tipo Lamboglia 4, e reconstrución da súa posición na peza (1); cunca ibérica (2); e doas de pasta vítrea, nº 3.1 (3), 3.2 (4) e 3.3 (5).

que poderían validar esta afirmación existen dúas masas de pasta vítrea oculada sometidas ao lume localizadas nos castros asturianos de Campa Torres e Picu Castiellu de Moriyón (Camino e mais Villa, 2003).

No Achadizo atopáronse tres exemplares de doas de pasta vítrea, todas elas clasificables dentro das anulares esféricas (Barthelemy, 1992), ou das esféricas monocromas (Ruano, 1996); ningunha delas é oculada (*contra* González-Ruibal 2007-08, p. 515 e fig. 4.158). Como adoita pasar con este tipo de doas, en realidade ningunha se axusta á verdadeira esfera, xa que os extremos están achatados. Presentan distintas características e dimensións, e pese a compartiren a cor azul, esta preséntase en puntos diferentes da gama:

- 3.1. Doa de sección subrectangular. Dimensións: 0,8 cm. de alto, 1,2 cm. de ancho e 0,5 cm. de diámetro da perforación. Cor azul escura opaca. [Fig. 3, nº 3 e fig. 4, centro].
- 3.2. Doa de sección subcircular. Dimensións: 0,6 cm. de alto, 1,1 cm. de diámetro e 0,4 cm. de diámetro da perforación. Cor azul mariña opaca. Erosionada. [Fig. 3, nº 4 e fig. 4, dereita].
- 3.3. Doa de sección subcircular. Dimensións: 0,4 cm. de alto, 0,7 cm. de diámetro e 0,3 cm. de diámetro da perforación. Cor azul mariña, translúcida. [Fig. 3, nº 5 e fig. 4, esquerda].

CONTEXTO ARQUEOLÓXICO

A comparación dos materiais anteriores coa dinámica vertical do xacemento e analizándoo




Figura 4. Doas de pasta vítrea do xacemento: 3.3 (esquerda); 3.1 (centro); 3.2 (dereita).

os en transversal coas datacións absolutas dos niveis de aparición, permitiunos establecer que as importacións presentes no Achadizo se adscriben a dous momentos de deposición.

O primeiro correspóndese coas dúas pequenas doas de cor azul mariño. Ambas as dúas están ben contextualizadas e contan con datacións absolutas para os niveis e catas nas que apareceron. A opaca e de pasta erosionada (3.2) localizouse na cata 11D, baixo o Concheiro B. Unha mostra de madeira carbonizada procedente doutra cuadrícula (UtC-5660) datouse mediante AMS no 595-406 BC (64.8%). A segunda, de cor translúcida (3.3) provén do Concheiro B que, nunha mostra sobre madeira carbonizada procedente da mesma cuadrícula (CSIC-1309) ofreceu unha datación algo posterior, de 408-356 BC (82.2%). Tendo en conta estes datos, esta primeira fase de deposición podería establecerse entre comezos do século VI e mediados do século IV a. C., claramente dentro do que convencionalmente vimos denominando primeira Idade do Ferro.

Seguindo a sucesión temporal, o segundo grupo correspóndese coa deposición de todo o material cerámico e mais a terceira doa (3.1). Os fragmentos de cunca ibérica saíron na parte superior do Concheiro A, o mesmo contexto que para a doa de pasta vítrea, para o que temos unha mostra de óso (CSIC-1209) datada no 366-152 BC (91.8%). O anaco da base de prato de tradición púnica apareceu no nivel 4B-7, na dependencia exterior da estrutura doméstica, para o que existe unha mostra sobre carbón (CSIC-1311) que ofrece unha datación do 370-180 BC. Os fragmentos de ánfora localizáronse no nivel de abandono da vivenda circular. O segundo nivel de ocupación desta estrutura está datado por unha mostra de carbón atopada no pavimento (CSIC-1213) no 373-111 BC, polo que resulta moi coherente coa datación, segundo tipoloxía, da ánfora Lamboglia 4. Os tres contextos, xa que logo, ofrecen unha cronoloxía moi similar para as pezas.

Respecto da distribución espacial das importacións, non apreciamos concentracións rechantes, aínda que resulta importante sinalar a localización dos restos cerámicos, ao procederen todos da área onde se agrupan as estruturas domésticas.

Nº	Material	Cuadro	Nivel	Referencia	Idade C-14	Calibración
C-1	Carbón	9C	Bajo Con. B	UtC-5660	2440 ± 29	752 – 686 (22.3%) 668 – 638 (7.5%) 622 – 614 (0.8%) 595 – 406 (64.8%)
C-6	Carbón	11B	1º pavimento	CSIC-1214	2406 ± 44	751 – 686 (15.8%) 668 – 638 (5.2%) 620 – 614 (0.5%) 594 – 394 (73.9%)
C-2	Carbón	5C	Conchero B	CSIC-1309	2307 ± 29	408 – 356 (82.2%) 286 – 234 (13.2%)
C-7	Carbón	11A-10A	4B-7	CSIC-1311	2196 ± 31	370 – 180 (95.4%)
C-5	Carbón	11A-10A/B	2º pavimento	CSIC-1213	2174 ± 41	373 – 111 (95.4%)
H-3	Ósos	9C	Conchero A	CSIC-1209	2173 ± 35	366 – 152 (91.8%) 138 – 113 (3.6%)
H-1	Ósos	5C-9C	Con. ext. B	CSIC-1312	2144 ± 28	354 – 292 (23.5%) 230 – 90 (70.1%) 74 – 58 (1.8%)

Táboa 1. Datacións de carbono 14 referidas directa ou indirectamente no texto. Pola súa problemática (ver Rubinos et al., 1999) non se utilizan as datacións realizadas a partir de cunchas, mesmo se proveñen do mesmo contexto ca os materiais que se estudan. A calibración foi realizada co programa OxCal, versión 4.1, empregando a curva de calibración IntCal09 (Bronk Ramsey, 2009).

CONSECUENCIAS

A primeira consecuencia que podemos extraer do relatorio anterior é a constatación, unha vez máis, da primacía dos obxectos de procedencia ibérica e púnica no comercio do mundo castrexo coa órbita mediterránea durante a Idade do Ferro. Todo parece indicar, asemade, que, ata a entrada das producións itálicas no século I a.C., Gadir creou e mantivo un absoluto control das liñas de intercambio e un claro monopolio das producións que se movían por elas.

Os obxectos que aparecen no castro do Achadizo son os clásicos exemplos do comercio do mundo castrexo litoral: doas de pasta vítrea, cerámicas de contención e mesa. As primeiras formaban parte dun tipo de colar moi rechamante que, con numerosas variantes de coloración e tamaño, tivo un éxito descomunal durante toda a segunda metade do primeiro milenio a.C. e, literalmente, inundou os mercados do Noroeste ata ben sobrepasado o cambio de Era. Aínda que convén non esquecer que algunhas destas pezas puideron empregarse engarzadas noutro tipo de obxectos diferentes dun colar (Ruano, 2000: 25).

Os fragmentos cerámicos entran de cheo no grupo de importacións máis clásico: cerámicas luxosas e produtos elaborados como o viño e derivados, aceite ou salsas, contidos en recipientes tipo ánfora. As primeiras correspóndense con obxectos para beber ou comer

dentro dunha etiqueta de corte mediterráneo, allea ao que se intúe dos convencionalismos indíxenas. Son obxectos que proceden de obradoiros especializados situados na órbita das comunidades ibéricas do sur peninsular e a área de influencia do emporio púnico de Gadir. Mentres, os fragmentos de ánfora remiten a un tipo de cronoloxía republicana e factura greco-itálica. A súa cronoloxía pode establecerse desde mediados do século II a.C., e, se as datacións obtidas para o xacemento son correctas, a súa incorporación ao rexistro arqueolóxico do Achadizo prodúcese, como moi tarde, a finais dese mesmo século. Na dinámica comercial da Idade do Ferro, a aparición das ánforas greco-itálicas considérase o primeiro testemuño dun cambio de tendencia importante, coa entrada no mercado dos vigorosos intermediarios romanos e das producións itálicas.

Tendo en conta a exposición anterior, podemos concluír:

- O conxunto de importacións de orixe mediterránea do castro do Achadizo, malia a súa pouca cantidade, resulta moi representativo deste comercio co mundo castrexo durante a Idade do Ferro.
- A contextualización destes obxectos na dinámica vertical do poboado revela que dende o século VI-V a.C. se produciu un goteo constante de importacións. Nun primeiro momento son maiormente producións de

orixe púnica ou ibérica que proceden da área turdetana e o contorno de Gadir, comúns a outros castros ben coñecidos e que insiren ao castro boirense na área xeográfica e cultural que lle é propia: as Rías Baixas meridionais. Neste amplo período semella haber unha diferenza entre os obxectos que se depositan nos séculos VI-IV, que se corresponden coas características das de colar de pasta vítrea, un adorno de bixutería propio do Mediterráneo que tivo moito éxito no mundo castrexo, e os produtos que aparecen nos depósitos e niveis dos séculos III-II a.C., máis variados dende o punto de vista formal e funcional (doas de colar, ánfora e cerámicas de mesa).

- Estes materiais son, no Achadizo, escasos, se os comparamos coa riqueza e abundancia da cerámica indíxena e coa súa ampla presenza noutros castros costeiros do NW, algúns deles moi próximos, como A Lanzada, Museo do Mar (González-Ruibal, 2004b), Montealegre (González-Ruibal et al., 2007) ou Neixón (Ayán, 2008; Ayán et al., 2008). O caso deste último xacemento é especialmente salientable xa que está situado apenas a uns 8 km do Achadizo por terra, e a unha pequena singradura por mar que seguramente non superaría a hora de viaxe. Fronte á abundancia e variedade das importacións presente no Neixón, os materiais localizados no noso caso son moi reducidos, e semellan asimilalo aos castros do interior, como Alto do Castro, Cuntis, situado a 20 Km. da costa, ou Castrovite, en Silleda (González-Ruibal, 2004b). Semella así que non todos os castros costeiros se amosaron tan permeables aos produtos, cultura material e costumes dos comerciantes mediterráneos, e só algúns acabaron por converterse en centros de comercio a partir dos cales se redistribuíron os materiais entre as poboacións locais. Claro que a escaseza de importacións existente no Achadizo tamén se podería achacar ao pequeno tamaño da área escavada, algo que, por outra banda, tamén se pode apuntar para algúns xacementos interiores, como Castrovite.
- Polo que se refire ás súas características deposicionais, non parece haber unha predilección sobre un tipo concreto de unida-

de estratigráfica, xa que aparecen tanto en concheiros, como en niveis de abandono ou sedimentación. Tampouco existen concentracións significativas verbo da súa distribución, agás a localización das cerámicas (ánfora e finas) dentro ou no contorno da vivenda circular documentada na escavación.

- Por último, cómpre salientar a total ausencia de materiais romanos de época altoimperial, e en xeral de ningún obxecto cuxa cronoloxía coñecida vaia alén de mediados do século I a. C, o que se amosa congruente coas datacións absolutas dispoñíbeis para a área escavada. Esta coherencia entre a cultura material, a secuencia estratigráfica e as datas de carbono 14 parece indicar que o castro do Achadizo sufriu algún tipo de colapso por causas descoñecidas que levou ao seu abandono inmediatamente antes da integración plena do Noroeste ibérico na órbita do mundo romano.

BIBLIOGRAFÍA

- AYÁN VILA, X. M.; RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, R. M.; GONZÁLEZ PÉREZ, L.; GONZÁLEZ-RUIBAL, A. (2008): “Arrecendos púnicos: un novo anaco de Aríbalos no Castro Grande de Neixón (Boiro, A Coruña)”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LV (121), p. 73-92.
- AYÁN VILA, X. M. (coord.) (2008): *Os Castros de Neixón (Boiro, A Coruña) II: de espazo natural a paisaxe cultural*. Noia.
- BARTHELEMY, M. (1992): “El vidrio fenicio-púnico en la Península Ibérica y Baleares”. En *Producciones artesanales fenicio-púnicas: VI jornadas de arqueología fenicio-púnica (Ibiza, 1991)*. Ibiza, p. 29-40.
- BRONK RAMSEY, C. (2009): Bayesian analysis of radiocarbon dates. *Radiocarbon*, 51(1), 337-360
- CARBALLO ARCEO, X.; CONCHEIRO COELLO, A.; REY CASTIÑEIRA, J. (2003): “A introducción dos muíños circulares nos castros galegos”. *Brigantium*, 14. p. 97-108.
- CAMINO MAYOR, J.; VILLA VALDÉS, A. (2003): “La bahía de Gijón y las rutas maríti-

- mas prerromanas en la costa cantábrica de la Península Ibérica”. En *Gijón puerto romano. Navegación y comercio en el cantábrico durante la antigüedad*. Gijón, p. 45-59.
- CONCHEIRO COELLO, A. (2007): “O Castro do Achadizo: un exemplo de poboado da Idade do Ferro no Barbanza”. *I Encontro Arqueolóxico do Barbanza*. Boiro (DVD). (Dispoñible en internet, consulta realizada o 15 de outubro de 2010, na dirección: http://www.centroarqueoloxico-dobarbanza.org/gl/galerias_videos_lista.asp?id_gal=8&pag=4&id_video=67).
- CONCHEIRO COELLO, A. (2008): *Castro do Achadizo. Cultura material, economía de subsistencia na Idade do Ferro. Memoria das escavacións 1991-1994*. Boiro.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2001): “La alimentación cárnica en el castro costero de O Achadizo (Cabo de Cruz, Boiro, A Coruña)”. *Gallaecia*, 20. p. 165-192.
- FERRÉ, M. C.; REY, J. M.; CONCHEIRO, A.; VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1996): “Contribución al conocimiento ictiológico del Castro de «O Achadizo» (Cabo de Cruz, Coruña, Galicia)”. En Ramil et al. (1996), p. 291-296.
- GONZÁLEZ-RUIBAL, A. (2004a): “Facing two seas: Mediterranean and Atlantic contacts in the north-west of Iberia in the first millennium BC”. *Oxford Journal of Archaeology*, 23(3), p. 287-317.
- GONZÁLEZ-RUIBAL, A. (2004b): “Un askós ibicenco en Galicia: notas sobre el carácter del comercio púnico en le noroeste ibérico”. *Complutum*, 15: 33-43.
- GONZÁLEZ-RUIBAL, A. (2006-2007): “Galaicos: poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica: (1200 a.C.-50 d.C.)”. *Brigantium*, 18-19 (2 vol.).
- GONZÁLEZ-RUIBAL, A., RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, R., ABOAL FERNÁNDEZ, R., CASTRO HIERRO, V. (2007): “Comercio mediterráneo en el castro de Montealegre (Pontevedra, Galicia). Siglo II a.C. – inicios del s. I d. C.”. *Archivo Español de Arqueología*, 80, p. 43-74.
- NAVEIRO LÓPEZ, J. L. (1991): *El Comercio antiguo en el N.W. peninsular: lectura histórica del registro arqueológico*. A Coruña.
- RAMIL REGO, P.; FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C.; RODRÍGUEZ GUTIÁN, M. (coord.) (1996): *Biogeografía pleistocena-holocena de la Península Ibérica*. Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, C. M^a. (2001). “La explotación de los recursos marinos en la prehistoria del noroeste peninsular”. *VIII Semana Galega da Historia. Galicia Mare Nostrum: A importancia do mar en Galicia*. Santiago de Compostela, p. 27-45.
- RUANO RUIZ, E. (1996): *Las cuentas de vidrio prerromanas del museo arqueológico de Ibiza y Formentera*. Eivissa.
- RUANO RUIZ, E. (2000) “Las cuentas de collar”. En Ruano Ruiz, E. ; Pastor, P. Castelo Ruano, R. (eds.) *Joyas prerromanas de vidrio*. Imp. Cuenca.
- RUBINOS PÉREZ, A.; FÁBREGAS VALCARCE, R.; ALONSO MATHÍAS, F.; CONCHEIRO COELLO, A. (1999): “Las fechas C-14 del castro de O Achadizo (Boiro, A Coruña): problemática de la calibración de conchas marinas”. *Trabajos de Prehistoria*, 56, p. 147-155.
- SUÁREZ OTERO, J.; FARIÑA BUSTO, F. (1990): “A Lanzada (Sanxenxo, Pontevedra), definición e interpretación de un yacimiento castrexo atípico. Apuntes para un estudio de los intercambios en la costa atlántica peninsular”. *Madridener Mitteilungen*, 31, p. 309-337.
- XUSTO RODRÍGUEZ, M. (2001): *O vidro provincial galaicorromano*. Vigo.